

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 28 de xullo de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Tomouse razón de sentenza número 199/2010, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Lugo no recurso contencioso administrativo número 280/2009-D, en relación coa licenza municipal de instalación dunha explotación de gando vacún de leite e de obras para un almacén de material agrícola e fosa de zurro en Barbaín, Santa María de Bóveda.

Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e a licenza de obras de legalización de modificación e melloras en instalación de clasificación e trituración de áridos, con licenza de instalación do 2 de febreiro de 2005 da canteira a ceo aberto denominada “Bertita”, con licenza de apertura número 355/02, sita en Santa María de Bóveda.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para substitución de cuberta en vivenda tradicional, sita no núcleo rural tradicional de Barcia, parroquia de Santalla de Mazoi; para legalización de

ACTAS E GOBERNO

LRP/mbfc

Ref#: 040810_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-8-2010

modificacións e de execución doutras na vivenda unifamiliar en execución con licenza número 724/06, sita no núcleo rural tradicional de Camoira, parroquia de Santo Estevo de Camoira; e para legalización de instalación solar fotovoltaica para conexión á rede eléctrica, na parcela 416, polígono 156, sita en Coeses.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación da subministración dunha furgoneta mixta con destino ós Servizos Xerais (adscripción Servizo Taller de Augas) do Concello mediante operación de leasing.

Acórdase a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 24/485, do día 21 de xullo de 2010, relativo á adxudicación provisional do contrato de contratación da subministración e instalación de diverso mobiliario para a posta en funcionamento do Centro de Convivencia e Casa das Linguas, sitos no Barrio da Piringalla, esquina rúa Ángel Colocci-rúa Lavandeira.

Tamén se acorda a renuncia á celebración do contrato dun servizo de mantemento e conservación dos CEIP (centros de ensino infantil e primaria) e das Escolas Infantís Serra de Outes e Fontiñas do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación das obras de rexeneración de firmes na zona rural do Concello de Lugo -exercicio 2010.

Así mesmo, acórdase adxudicar provisionalmente a contratación do servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo.

Acórdase autorizar a cesión da participación da mercantil Cuadernas y Arcos, S.L., na UTE Museo MIHL Lugo a favor da mercantil Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A.

Lugo, 4 de agosto de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García